

## **Orde TMA/384/2020. Uso das mascararas no transporte público.**

Reducir o risco en lugares pechados e lugares públicos con gran concentración de persoas.

Uso de máscaras:

- En todo o transporte público
- Para os traballadores dos servizos de transporte e ademais deben de ter acceso a solucións hidroalcohólicas para desinfección.

Condicións de ocupación dos vehículos no transporte terrestre:

- Nos vehículos particulares de ata 9 prazas poderán desprazarse dúas persoas por cada fila de asentos sempre que usen máscaras e respecten a máxima distancia posible.
- No transporte público poderán desprazarse ata dúas persoas por cada fila de asentos garantindo a máxima distancia posible entre elas.  
En todo caso so poderán ocuparse a metade das prazas sentadas e nas plataformas de pé dúas persoas por metro cadrado.
- Vehículos pesados cunha única fila de asentos: máximo dúas persoas sempre que leven máscara, en caso contrario so o condutor.
- As administracións competentes poderán establecer horarios para reducir a intensidade da demanda en horas punta.

## **Orde SND/388/2020. Condicións para a apertura ao público de determinados comercios e servizos, e a apertura de arquivos, así como a práctica do deporte profesional e federado.**

Ten como obxectivo abordar a fase 0 de reactivación de actividade comercial en comercios polo miúdo, hostalería e actividades profesionais.

No ámbito da hostalería e restauración permítese o servizo de recollida no local os encargos realizados polos clientes, sempre que se respecten as medidas de hixiene, prevención e aforo.

Reapertura ao público dos arquivos de calquera titularidade e xestión.

1. ***Reapertura de establecementos e locais comerciais polo miúdo e de prestación de servizos asimilados que viran suspendida a súa actividade co RD 463/020 sempre que non superen os 400 m<sup>2</sup> de superficie.***
  - ***Condicións para a apertura:***
    - Establecerase un sistema de cita previa que garanta a presenza dun único cliente por traballador sen que se poidan habilitar zonas de espera no interior.
    - Garantirase a atención individualizada coa debida separación física, de non ser posible farase mediante a instalación de mostradores ou biombos.
    - Establecerase un horario preferente para maiores de 65 anos que deberá facerse coincidir co horario de saídas para paseos.
  - Non é aplicable a aqueles establecementos que tiñan permitida a súa actividade de acordo co RD 463/2020.
  - Potenciarase a efectiva reactivación dos servizos sociais mediante a reincorporación de todo o persoal que sexa necesario na Fase 0.

- Os desprazamentos aos establecementos poderán efectuarse unicamente dentro do municipio de residencia, agás que o servizo ou produto non esté dispoñible no mesmo.

### ***Medidas hixiénicas nos establecementos***

- Deberanse de realizar polo menos dúas veces no día unha limpeza e desinfección das instalacións con especial atención ás superficies de contacto mais frecuentes de acordo as seguintes normas:
  - Unha das limpezaas realizarase, obrigatoriamente ao finalizar o día.
  - Desinfectantes como dilucións de lixivia (1:50) preparada no momento.
  - Tras cada limpeza os materiais e os EPIs desbotaranse e procederase ao lavado de mans.
  - Recomendase outra limpeza nun horario de mediodía e co local pechado.
  - Limpeza tamén con cada cambio de quenda de traballo (rexitradoras, mostradores, mesas...)
  - Desinfección diaria da roupa de traballo ou a usada na xornada para atender aos clientes.
  - Non se poderán usar os aseos dos establecementos por parte dos clientes salvo por causas estritamente necesarias.
  - Os establecementos deberán dispoñer de papeleiras accionadas con pedal.

### ***Medidas de prevención de riscos para o persoal dos establecementos.***

- Non poderán incorporarse ao seu posto de traballo:
  - Traballadores/as que estean en illamento domiciliario por COVID 19
  - Traballadores/as en cuarentena.
- Todos os traballadores deberán contar cos EPIs necesarios para o desenvolvemento do traballo.
- A disposición do persoal deberá axeitarse ao mantemento da distancia interpersonal.
- A distancia entre vendedor e cliente será de un metro cando haxa elementos de protección e barreiras ou no seu defecto será de dous metros, esta distancia deberá de respectarse tamén en vestiarios, taquillas, aseos..

### ***Medidas de protección e hixiene aplicables aos clientes***

- O tempo de permanencia será o menor posible
- Nos establecementos que esté permitida a atención de dúas ou mais persoas deberá de sinalarse de forma clara a distancia interpersonal de dous metros.
- Deberá disporse de xeles hidroalcohólicos.
- Non se poderá dispoñer de produtos de proba.
- Os probadores deberán de desinfectarse despois de cada uso.
- As prendas probadas e non mercadas deberán de hixienizarse.

## ***2. Condicións nas que deban desenvolverse as actividades de hostalería e restauración***

- Actividades de hostalería:

- So poderán realizarse actividades de entrega a domicilio ou recollida no local non podendo consumirse no seu interior.
- Poderá establecerse un horario especial para maiores de 65 anos.
- No sistema de recollida deberá de facerse o pedido por teléfono ou medios telemáticos e se fixará un horario para a recollida co fin de evitar aglomeracións.
- Se poderán abrir os servizos de abastecemento en automóbil.
- Os locais so poderán permanecer abertos ao público en horario de recollidas.
  
- Medidas de prevención para o persoal dos establecementos:
  - Non poderán incorporarse as persoas en illamento ou cuarentena.
  - O persoal deberá de contar cos EPIs necesarios para a actividade laboral.
  
- Medidas en materia de hixiene para clientes:
  - Xeles hidroalcohólicos
  - Papeleiras con tapa e pedal
  - O tempo de permanencia será o estritamente necesario.
  - De poder atenderse a mais dunha persoa por traballador/a deberá marcarse a distancia mínima de dous metros.
  - Os clientes so poderán ir acompañados dun menor, dunha persoa con discapacidade ou dunha persoa maior cando sexa necesario.